



PALABRAS POLISÉMICAS E HOMÓNIMAS

Completa cada oración coa palabra homónima que corresponde.

barro - varro - botar - votar - boa - voa

- Hoxe imos _____ para elixir o delegado.
- O oleiro fixo unha pota de _____.
- Esta froita xa está _____ para comer.
- Tes que _____ o vidro no iglú.
- Eu _____ o meu cuarto.
- Ese avión de papel _____ mal.

Descubre as palabras homónimas que corresponden a cada definición.
Ten en conta que se escriben de forma distinta, pero que se pronuncian igual.

- ► Planta de raíz comestible.
- ► Prezo, valía.
- ► Cola de moitos animais.
- ► Mofo.

Relaciona cada oración co significado da palabra homónima destacada.

- | | |
|--|-----------------------------------|
| Non tivo valor para dicirullo. • | • Poñer unha cousa nun sitio. |
| Non comas o pan, que ten balor . • | • Elixir. |
| Tes que botar máis leite no vaso! • | • Peluxe causada por fungos, mofo |
| Imos votar un novo delegado. • | • Coraxe, valentía. |

Le o significado destes termos homónimos e escribe, ao carón de cada oración, o número a que remite.

1. **corte**: Acción e resultado de cortar. / Bordo afiado dun instrumento que corta. / Técnica de saber cortar pezas de vestir.
2. **corte**: Construción cuberta e cerrada onde se gardan os animais.
3. **corte**: Lugar onde vive o rei e a súa familia. / En plural: Persoas que fan as leis e que compoñen o Congreso e o Senado.

- ☐ As vacas foron camiñando elas soas cara ás súas cortes.
- ☐ A lei de educación foi aprobada polas cortes.
- ☐ Ese xeadro podémolo repartir ben ao corte.
- ☐ Mariña quere estudar corte e confección o ano que vén.
- ☐ O corte deses coitelos está pouco afiado.
- ☐ Ese vestido ten un corte ben complicado.